

# Reflexión e acción

## Xosé Ramón Ermida Meilán

As crises son grandes mestras da Historia. Poñen de manifesto a esencia dun réxime económico-social ao derrubar o veo e as mistificacións que agochan a natureza do sistema económico vixente.

Crise, pero que clase de crise?. Non se trata, como os máis optimistas ou inxenuos poidan imaxinar, da quebra do capitalismo; lamentablemente este non caerá se non somos quen de crear unha correlación de forzas que o faga caer. E no corazón do sistema, por agora, esa correlación non existe. Agora ben, o que si se derrubou é o neoliberalismo, o paradigma que definiu a relación entre mercado, sociedade e poder político nos últimos trinta anos e que tantos estragos causou no mundo e en Galiza. Se algo hai que celebrar é que ese modelo, onde o capital gozou de privilexios sen precedentes, morreu no medio dun colosal big-bang financeiro. Agora ábrese unha nova etapa e as súas características dependerán da forma no que se desenrolen as contradicións sociais que xurdirán nas diferentes formacións sociais e no ámbito internacional. Pero sobre todo do grao de conciencia e capacidade organizativa dos oprimidos polo sistema e das políticas que sexan capaz de impor aos seus respectivos gobernos.

Crise, pero que clarifica a crise?. A crise, primeiramente, clarifica que a alardeada “independencia dos bancos centrais” era unha falacia que agochaba a absoluta subordinación destas institucións ás necesidades do capital financeiro. Ao pouco de estoupar a crise, os bancos centrais tiraron pola borda toda esa palabrería para consumo de paifocos e, acudiron dilixentes ao auxilio do capital financeiro. A crise, tamén aclara, que o papel dos poderes públicos segue a ser central e que a prédica de aqueles que propoñen “menos estado” é unha pantalla tras a cal se agacha o poder do capital. Cómpre logo, reconstruír os aparellos gubernativos enfraquecidos até o indicíbel por décadas de políticas neoliberais. Xa por último, o devalar da crise, na medida en que evidenciou que a “internacionalización” era unha coartada para esmagar as economías periféricas en función dunha división internacional do traballo ao servizo dos estados centrais do capitalismo, obriga a implementar estratexias de desenvolvemento que pase polo fortalecemento do mercado interno, cunha nova distribución das rendas e do tecido produtivo nacional.

Esta crise constitúe un grande desafío para as forzas antiimperialistas; a resposta inicial do capital foi, coma sempre, socializar as perdas e garantir a apropiación privada dos beneficios. Como ven de afirmar Chomsky, para tranquilizar ao capital haberá estado, moito estado; dos asalariados xa se encargará o mercado. Teremos que loitar para que tal cousa non aconteza e que a xestión da crise –pola esquerda, porque non hai outra- sexa quen de instalarnos nun terreo que nos permita avanzar na construción dunha maioría social e política que vertebre unha alternativa socialista, a única capaz de resolver os inxentes problemas inherentes ao capitalismo. Ao mesmo tempo debemos facer fronte aqueloutras alternativas, que demanden un novo modelo sen cuestionar o sistema, posto que esta deslaxada esquerda cargada de ambigüidade e “realismo posibilista” son rota segura para o afondamento na crise e unha nova frustración.

É tempo de rearme ideolóxico, é hora de axir sen complexos. Reflexión e acción.